

## INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación coa **liquidación do orzamento da Deputación correspondente ao exercicio de 2024** (expediente nº 2025005734), emítese o seguinte informe:

### NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, e 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que ese aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2024.

### CONSIDERACIÓNS

#### Primeira. Regulación legal.

De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos das Entidades Locais, efectuarase, e canto a recadación de dereitos e pago das obrigas, a 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da tesourería os ingresos e gastos pendentes.



#### *A. Contido:*

A liquidación do orzamento porá de manifesto:

- a. Respecto do orzamento de gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.
- b. Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

2. Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

#### *B. Ámbito temporal.*

O peche e liquidación dos orzamentos da entidade local efectuaranse, en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

#### *C. Elaboración, informe e aprobación*

Unha vez elaborada a liquidación do orzamento e informada pola Intervención, procederase á súa aprobación pola Presidenta/e da entidade.

#### *D. Dación de conta e remisión*

Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

As entidades locais remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos á Administración do Estado e á comunidade autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

A falta de remisión da liquidación no prazo sinalado facultará á Administración para utilizar como actuais, a calquera efecto, os datos que coñeza relativos á entidade de que se trate.

### **Segunda. Contido da liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.**

A liquidación do orzamento da Deputación de Pontevedra – exercicio 2024 incorpora a documentación correspondente:

- Liquidación do orzamento de Gastos, con determinación dos remanentes de crédito.
- Liquidación do orzamento de Ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.



- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesouraría.

Para a elaboración deste informe de liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra– exercicio 2024, tomouse como referencia os datos de execución orzamentaria derivados formalmente dos libros de contabilidade.

### Terceira. Liquidación orzamento de gastos e ingresos.

#### GASTOS

Como pódese observar na táboa 1 os créditos iniciais do Orzamento xeral desta Deputación ascenderon á contía 189.283.429,00 €. Dito importe inicial foi modificado nun importe global de 292.433.713,53€, incrementando os créditos definitivos ao importe total de 481.717.142,53 €. Neste exercicio recoñecéronse obrigas de gasto polo importe neto de 212.542.899,42€.

*Táboa 1. Execución orzamentaria 2024. Créditos iniciais e definitivos, obrigas recoñecidas netas e pagos (resumo por capítulos).*

| Capítulo                            | Denominación                        | C.I.                  | Modificacións         | C.D.                  | O.R.                  | Pagos                 |
|-------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 1                                   | Gastos de persoal                   | 52.177.964,00         | 942.959,41            | 53.120.923,41         | 47.784.132,20         | 47.784.130,72         |
| 2                                   | Gastos correntes en bens e servizos | 41.005.328,00         | 13.902.833,74         | 54.908.161,74         | 32.917.754,29         | 32.916.627,76         |
| 3                                   | Gastos financeiros                  | 150.003,00            | 0,00                  | 150.003,00            | 79.275,35             | 79.275,35             |
| 4                                   | Transferencias correntes            | 41.717.245,00         | 18.912.789,25         | 60.630.034,25         | 27.833.145,17         | 27.807.922,06         |
| 5                                   | Gastos imprevistos                  | 1.000.000,00          | 0,00                  | 1.000.000,00          | 0,00                  | 0,00                  |
| <b>Total correntes</b>              |                                     | <b>136.050.540,00</b> | <b>33.758.582,40</b>  | <b>169.809.122,40</b> | <b>108.614.307,01</b> | <b>108.587.955,89</b> |
| 6                                   | Investimentos reais                 | 13.066.789,00         | 80.848.772,34         | 93.915.561,34         | 23.579.970,75         | 23.544.743,78         |
| 7                                   | Transferencias capital              | 39.893.700,00         | 177.653.576,25        | 217.547.276,25        | 80.150.021,66         | 79.842.853,62         |
| <b>Total capital</b>                |                                     | <b>52.960.489,00</b>  | <b>258.502.348,59</b> | <b>311.462.837,59</b> | <b>103.729.992,41</b> | <b>103.387.597,40</b> |
| <b>Total gastos non financeiros</b> |                                     | <b>189.011.029,00</b> | <b>292.260.930,99</b> | <b>481.271.959,99</b> | <b>212.344.299,42</b> | <b>211.975.553,29</b> |
| 8                                   | Activos financeiros                 | 272.400,00            | 172.782,54            | 445.182,54            | 198.600,00            | 198.600,00            |
| 9                                   | Pasivos financeiros                 | 0,00                  | 0,00                  | 0,00                  | 0,00                  | 0,00                  |
| <b>Total gastos financeiros</b>     |                                     | <b>272.400,00</b>     | <b>172.782,54</b>     | <b>445.182,54</b>     | <b>198.600,00</b>     | <b>198.600,00</b>     |
| <b>TOTAL</b>                        |                                     | <b>189.283.429,00</b> | <b>292.433.713,53</b> | <b>481.717.142,53</b> | <b>212.542.899,42</b> | <b>212.174.153,29</b> |

Como amosa a táboa 2, o importe dos créditos definitivos (C.D.) incrementouse nos últimos anos (6,92% en cómputo global respecto ao ano anterior). Nun desglose por capítulos e considerando os créditos definitivos do exercicio anterior, incrementouse a consignación nos capítulos 1, 2 e 4 de gasto corrente, así como no capítulo 7, con diminución nos capítulos 3, 6, 8 e 9.



Táboa 2. Créditos definitivos orzamentos 2021 – 2024.

| Capítulo                            | Denominación                        | C.D. 2021             | C.D. 2022             | C.D. 2023             | C.D. 2024             |
|-------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 1                                   | Gastos de persoal                   | 48.111.335,00         | 49.496.323,49         | 51.761.787,67         | 53.120.923,41         |
| 2                                   | Gastos correntes en bens e servizos | 43.406.779,68         | 49.908.351,60         | 51.283.046,82         | 54.908.161,74         |
| 3                                   | Gastos financeiros                  | 401.001,00            | 310.500,70            | 398.201,63            | 150.003,00            |
| 4                                   | Transferencias correntes            | 45.467.775,82         | 51.658.849,30         | 46.406.779,00         | 60.630.034,25         |
| 5                                   | Gastos imprevistos                  | 1.000.000,00          | 1.000.000,00          | 1.000.000,00          | 1.000.000,00          |
| <b>Total correntes</b>              |                                     | <b>138.386.891,50</b> | <b>152.374.025,09</b> | <b>150.849.815,12</b> | <b>169.809.122,40</b> |
| 6                                   | Investimentos reais                 | 57.252.883,76         | 83.507.792,77         | 101.483.460,16        | 93.915.561,34         |
| 7                                   | Transferencias capital              | 165.633.069,33        | 173.637.899,42        | 197.276.871,04        | 217.547.276,25        |
| <b>Total capital</b>                |                                     | <b>222.885.953,09</b> | <b>257.145.692,19</b> | <b>298.760.331,20</b> | <b>311.462.837,59</b> |
| <b>Total gastos non financeiros</b> |                                     | <b>361.272.844,59</b> | <b>409.519.717,28</b> | <b>449.610.146,32</b> | <b>481.271.959,99</b> |
| 8                                   | Activos financeiros                 | 1.044.767,44          | 738.422,86            | 687.386,97            | 445.182,54            |
| 9                                   | Pasivos financeiros                 | 889.215,00            | 727.119,30            | 240.833,37            | 0,00                  |
| <b>Total gastos financeiros</b>     |                                     | <b>1.933.982,44</b>   | <b>1.465.542,16</b>   | <b>928.220,34</b>     | <b>445.182,54</b>     |
| <b>TOTAL</b>                        |                                     | <b>363.206.827,03</b> | <b>410.985.259,44</b> | <b>450.538.366,66</b> | <b>481.717.142,53</b> |

### Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 3, a porcentaxe de execución sobre créditos definitivos é do 44,12%. Por capítulos, a porcentaxe de execución máis alta é a do capítulo 1 (89,95%) seguida do capítulo 2 (59,95 %) e do 3 (52,85%). Nos restantes capítulos a porcentaxe de execución baixa do 50%, acadándose as menores porcentaxes nos capítulos 7 (36,84%) e 6 (25,11%).

Como en informes anteriores, lémbrese a necesidade de procurar un maior cumprimento do principio xeral de anualidade orzamentaria, recomendando a adopción de medidas de mellora na planificación e programación do gasto. A execución plurianual de gastos que se orzamentan nun único exercicio, dificulta a correcta programación e seguimento de execución orzamentaria e do cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. A estes efectos resulta aconsellable reducir os prazos de execución e xustificación en vindeiros exercicios (sen prexuízo das excepcións que veñan impostas polo prazo de execución real do gasto) para evitar problemas de seguimento e reducir a incerteza no seguimento.



Táboa 3. Porcentaxes de execución do orzamento de gastos 2024 (OR/CD).

| Capítulo                            | Denominación                        | C.D.                  | O.R.                  | O.R/C.D.      |
|-------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------|-----------------------|---------------|
| 1                                   | Gastos de persoal                   | 53.120.923,41         | 47.784.132,20         | 89,95%        |
| 2                                   | Gastos correntes en bens e servizos | 54.908.161,74         | 32.917.754,29         | 59,95%        |
| 3                                   | Gastos financeiros                  | 150.003,00            | 79.275,35             | 52,85%        |
| 4                                   | Transferencias correntes            | 60.630.034,25         | 27.833.145,17         | 45,91%        |
| 5                                   | Gastos imprevistos                  | 1.000.000,00          | 0,00                  | 0,00%         |
| <b>Total correntes</b>              |                                     | <b>169.809.122,40</b> | <b>108.614.307,01</b> | <b>63,96%</b> |
| 6                                   | Investimentos reais                 | 93.915.561,34         | 23.579.970,75         | 25,11%        |
| 7                                   | Transferencias capital              | 217.547.276,25        | 80.150.021,66         | 36,84%        |
| <b>Total capital</b>                |                                     | <b>311.462.837,59</b> | <b>103.729.992,41</b> | <b>33,30%</b> |
| <b>Total gastos non financeiros</b> |                                     | <b>481.271.959,99</b> | <b>212.344.299,42</b> | <b>44,12%</b> |
| 8                                   | Activos financeiros                 | 445.182,54            | 198.600,00            | 44,61%        |
| 9                                   | Pasivos financeiros                 | 0,00                  | 0,00                  |               |
| <b>Total gastos financeiros</b>     |                                     | <b>445.182,54</b>     | <b>198.600,00</b>     | <b>44,61%</b> |
| <b>TOTAL</b>                        |                                     | <b>481.717.142,53</b> | <b>212.542.899,42</b> | <b>44,12%</b> |

Como se pode observar na táboa 4, a porcentaxe de execución global mantense na liña dos últimos exercicios, cunha ratio moi similar á do ano anterior. A tendencia global observase igualmente por capítulo. A menor execución do capítulo 3 explícase na baixada do Euribor, que permitiu rebaixar o gasto con xuro variable. A execución do capítulo 6 baixa case sete puntos respecto ao ano anterior, situándose nun nivel de execución do 25,11%, o máis baixo de todo o período, despois do 2022. Como contrapartida se incrementa a execución das transferencias para gastos de capital, Aínda que a porcentaxe de execución é baixa (36,84%) supón a maior ratio desde o inicio da serie.

Táboa 4. Porcentaxes de execución orzamentaria (OR/CD) período 2018 – 2024.

| Capítulo                            | Denominación                        | 2018          | 2019          | 2020          | 2021          | 2022          | 2023          | 2024          |
|-------------------------------------|-------------------------------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
| 1                                   | Gastos de persoal                   | 91,20%        | 91,68%        | 90,08%        | 88,33%        | 88,95%        | 91,95%        | 89,95%        |
| 2                                   | Gastos correntes en bens e servizos | 62,86%        | 65,65%        | 57,62%        | 65,56%        | 66,94%        | 65,21%        | 59,95%        |
| 3                                   | Gastos financeiros                  | 87,15%        | 72,31%        | 43,22%        | 46,24%        | 80,98%        | 87,45%        | 52,85%        |
| 4                                   | Transferencias correntes            | 58,26%        | 59,55%        | 60,92%        | 51,66%        | 59,40%        | 52,87%        | 45,91%        |
| 5                                   | Gastos imprevistos                  |               |               |               |               |               |               |               |
| <b>Total correntes</b>              |                                     | <b>71,00%</b> | <b>71,92%</b> | <b>70,00%</b> | <b>68,38%</b> | <b>71,12%</b> | <b>70,22%</b> | <b>63,96%</b> |
| 6                                   | Investimentos reais                 | 31,59%        | 43,74%        | 45,34%        | 29,02%        | 23,50%        | 32,00%        | 25,11%        |
| 7                                   | Transferencias capital              | 27,24%        | 32,96%        | 28,95%        | 25,48%        | 24,40%        | 30,43%        | 36,84%        |
| <b>Total capital</b>                |                                     | <b>28,46%</b> | <b>35,70%</b> | <b>32,63%</b> | <b>26,39%</b> | <b>24,10%</b> | <b>30,96%</b> | <b>33,30%</b> |
| <b>Total gastos non financeiros</b> |                                     | <b>46,34%</b> | <b>50,85%</b> | <b>49,10%</b> | <b>42,47%</b> | <b>41,60%</b> | <b>44,13%</b> | <b>44,12%</b> |
| 8                                   | Activos financeiros                 | 58,84%        | 45,52%        | 19,42%        | 41,87%        | 22,74%        | 67,17%        | 44,61%        |
| 9                                   | Pasivos financeiros                 | 100,00%       | 100,00%       | 100,00%       | 100,00%       | 100,00%       | 100,00%       |               |
| <b>Total gastos financeiros</b>     |                                     | <b>85,36%</b> | <b>79,97%</b> | <b>82,34%</b> | <b>68,60%</b> | <b>61,07%</b> | <b>75,69%</b> | <b>44,61%</b> |
| <b>TOTAL</b>                        |                                     | <b>47,57%</b> | <b>51,49%</b> | <b>49,85%</b> | <b>42,61%</b> | <b>41,67%</b> | <b>44,20%</b> | <b>44,12%</b> |



En termos interanuais, como se recolle na táboa 5, as obrigas recoñecidas (fase O) se incrementan respecto ao ano anterior, diminuindo as obrigas recoñecidas nos capítulos de pasivos financeiros por inexistencia de cotas de amortización de débeda, gastos financeiros (-77,24%), activos financeiros (-56,99%), investimentos reais (-27,38%) e gasto corrente (-1,57%), con incremento das obrigas nos capítulos de transferencias para gastos correntes e de capital (13,44% e 33,53% respectivamente) e gastos de persoal (0,40%) .

Táboa 5. Porcentaxes de variación interanual de obrigas recoñecidas (O) no período 2018 – 2024

| Capítulo                            | Denominación                        | OR2019/<br>OR 2018 | OR2020/<br>OR 2019 | OR2021/<br>OR 2020 | OR2022/<br>OR 2021 | OR2023/<br>OR 2022 | OR2024/<br>OR 2023 |
|-------------------------------------|-------------------------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|
| 1                                   | Gastos de persoal                   | 2,32%              | 1,32%              | -2,15%             | 3,60%              | 8,10%              | 0,40%              |
| 2                                   | Gastos correntes en bens e servizos | 2,24%              | -7,09%             | 19,74%             | 17,39%             | 0,10%              | -1,57%             |
| 3                                   | Gastos financeiros                  | -77,11%            | 34,06%             | 14,78%             | 35,62%             | 38,49%             | -77,24%            |
| 4                                   | Transferencias correntes            | 17,81%             | 2,69%              | -21,76%            | 30,63%             | -20,04%            | 13,44%             |
| 5                                   | Gastos imprevistos                  |                    |                    |                    |                    |                    |                    |
| <b>Total correntes</b>              |                                     | 6,01%              | -0,43%             | -2,83%             | 14,52%             | -2,26%             | 2,54%              |
| 6                                   | Investimentos reais                 | 32,46%             | -14,45%            | -7,65%             | 18,09%             | 65,48%             | -27,38%            |
| 7                                   | Transferencias capital              | 32,44%             | -14,73%            | 6,46%              | 0,38%              | 41,69%             | 33,53%             |
| <b>Total capital</b>                |                                     | 32,45%             | -14,64%            | 2,06%              | 5,38%              | 49,22%             | 12,15%             |
| <b>Total gastos non financeiros</b> |                                     | 15,42%             | -6,23%             | -1,01%             | 11,02%             | 16,47%             | 7,02%              |
| 8                                   | Activos financeiros                 | -41,39%            | -74,43%            | 39,60%             | -61,61%            | 174,97%            | -56,99%            |
| 9                                   | Pasivos financeiros                 | -28,07%            | 24,18%             | -84,53%            | -18,23%            | -66,88%            | -100,00%           |
| <b>Total gastos financeiros</b>     |                                     | -31,33%            | 3,54%              | -78,12%            | -32,53%            | -21,50%            | -71,73%            |
| <b>TOTAL</b>                        |                                     | 12,79%             | -5,90%             | -3,91%             | 10,65%             | 16,27%             | 6,74%              |

En canto a execución dos pagos respecto das obrigas recoñecidas (táboa 6), acádase unha porcentaxe do 99,83%.

Táboa 6. Execución pagos 2024 (Pagos/Obrigas recoñecidas).

| Capítulo                            | Denominación                        | O.R.           | Pagos          | Pagos/OR |
|-------------------------------------|-------------------------------------|----------------|----------------|----------|
| 1                                   | Gastos de persoal                   | 47.784.132,20  | 47.784.130,72  | 100,00%  |
| 2                                   | Gastos correntes en bens e servizos | 32.917.754,29  | 32.916.627,76  | 100,00%  |
| 3                                   | Gastos financeiros                  | 79.275,35      | 79.275,35      | 100,00%  |
| 4                                   | Transferencias correntes            | 27.833.145,17  | 27.807.922,06  | 99,91%   |
| 5                                   | Gastos imprevistos                  | 0,00           | 0,00           |          |
| <b>Total correntes</b>              |                                     | 108.614.307,01 | 108.587.955,89 | 99,98%   |
| 6                                   | Investimentos reais                 | 23.579.970,75  | 23.544.743,78  | 99,85%   |
| 7                                   | Transferencias capital              | 80.150.021,66  | 79.842.853,62  | 99,62%   |
| <b>Total capital</b>                |                                     | 103.729.992,41 | 103.387.597,40 | 99,67%   |
| <b>Total gastos non financeiros</b> |                                     | 212.344.299,42 | 211.975.553,29 | 99,83%   |



|                                 |                     |                       |                       |                |
|---------------------------------|---------------------|-----------------------|-----------------------|----------------|
| 8                               | Activos financeiros | 198.600,00            | 198.600,00            | 100,00%        |
| 9                               | Pasivos financeiros | 0,00                  | 0,00                  |                |
| <b>Total gastos financeiros</b> |                     | <b>198.600,00</b>     | <b>198.600,00</b>     | <b>100,00%</b> |
| <b>TOTAL</b>                    |                     | <b>212.542.899,42</b> | <b>212.174.153,29</b> | <b>99,83%</b>  |

## INGRESOS

Segundo detalle da táboa 7, as previsións iniciais de ingreso do orzamento xeral desta Deputación ascenderon á contía de 189.283.429,00 €. Dito importe inicial foi modificado nun importe global de 292.433.713,53 €, incrementando as previsións definitivas ao importe total de 481.717.142,53 €. Neste exercicio recoñecéronse dereitos polo importe neto de 283.948.324,47 €.

*Táboa 7. Execución orzamentaria 2024. Previsións iniciais e definitivas, dereitos recoñecidos netos e ingresos (resumo por capítulos).*

| Capítulo                              | Denominación                             | P. iniciais           | Modificacións         | P. definitivas        | D.R. netos            | Ingreso               |
|---------------------------------------|------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|-----------------------|
| 1                                     | Impostos directos                        | 16.492.234,00         | 2.537.550,93          | 19.029.784,93         | 21.097.795,96         | 18.302.916,53         |
| 2                                     | Impostos indirectos                      | 14.651.024,00         | 2.115.822,85          | 16.766.846,85         | 15.862.201,85         | 14.823.901,62         |
| 3                                     | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 12.437.404,00         | 30.000,00             | 12.467.404,00         | 13.962.903,47         | 13.738.820,69         |
| 4                                     | Transferencias correntes                 | 141.964.563,00        | 43.577.554,62         | 185.542.117,62        | 185.850.980,14        | 172.069.664,82        |
| 5                                     | Ingresos patrimoniais                    | 2.615.304,00          | 0,00                  | 2.615.304,00          | 8.496.763,42          | 8.445.074,30          |
| <b>Total ingresos correntes</b>       |                                          | <b>188.160.529,00</b> | <b>48.260.928,40</b>  | <b>236.421.457,40</b> | <b>245.270.644,84</b> | <b>227.380.377,96</b> |
| 6                                     | Alleamento investimentos reais           | 850.500,00            | 0,00                  | 850.500,00            | 1.047.986,58          | 812.400,91            |
| 7                                     | Transferencias de capital                | 0,00                  | 10.149.962,16         | 10.149.962,16         | 15.314.298,73         | 15.053.030,25         |
| <b>Total ingresos capital</b>         |                                          | <b>850.500,00</b>     | <b>10.149.962,16</b>  | <b>11.000.462,16</b>  | <b>16.362.285,31</b>  | <b>15.865.431,16</b>  |
| <b>Total ingresos non financeiros</b> |                                          | <b>189.011.029,00</b> | <b>58.410.890,56</b>  | <b>247.421.919,56</b> | <b>261.632.930,15</b> | <b>243.245.809,12</b> |
| 8                                     | Activos financeiros                      | 272.400,00            | 219.251.097,99        | <b>219.523.497,99</b> | 698.979,32            | 550.969,70            |
| 9                                     | Pasivos financeiros                      | 0,00                  | 14.771.724,98         | 14.771.724,98         | 21.616.415,00         | 21.616.415,00         |
| <b>Total op. cap. financieras</b>     |                                          | <b>272.400,00</b>     | <b>234.022.822,97</b> | <b>234.295.222,97</b> | <b>22.315.394,32</b>  | <b>22.167.384,70</b>  |
| <b>TOTAL</b>                          |                                          | <b>189.283.429,00</b> | <b>292.433.713,53</b> | <b>481.717.142,53</b> | <b>283.948.324,47</b> | <b>265.413.193,82</b> |

## Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 8, as porcentaxes de execución por capítulo son elevadas, superándose as previsións nos capítulos de ingreso corrente (excepto en impostos indirectos), no capítulo 6 de alleamentos de investimentos reais e 7 de transferencias de capital, e capítulo 9 correspondente coas operacións de endebedamento concertadas en exercicios anteriores.

O capítulo 8 executouse nunha porcentaxe do 0,32%. A baixa porcentaxe do capítulo 8 ven dada pola composición deste capítulo que se corresponde nun 99,88 % das previsións definitivas co remanente de tesouraría incorporado para financiamento de modificacións de crédito.



A previsión definitiva do capítulo 9 se corresponde co importe do endebedamento concertado en exercicios anteriores para financiamento do Plan REACPON na contía correspondente con proxectos en execución no ano 2024. A finais do exercicio dispúxose do crédito concertado ao abeiro das dúas operacións, pola parte do REACPON financiado con endebedamento en todas as anualidades, recoñecéndose os dereitos correspondentes.

Se excluímos estes dous capítulos (8 e 9) do cálculo da execución global, acádase unha porcentaxe de execución dos ingresos (total ingresos non financeiros) superior ao 100% (105,74%) indicativa dun bo axuste orzamentario.

*Táboa 8. Porcentaxes de execución do orzamento de ingresos 2024 (DRN/PD).*

| Capítulo                              | Denominación                             | P. definitivas        | D.R. netos            | DR/PD          |
|---------------------------------------|------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|----------------|
| 1                                     | Impostos directos                        | 19.029.784,93         | 21.097.795,96         | 110,87%        |
| 2                                     | Impostos indirectos                      | 16.766.846,85         | 15.862.201,85         | 94,60%         |
| 3                                     | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 12.467.404,00         | 13.962.903,47         | 112,00%        |
| 4                                     | Transferencias correntes                 | 185.542.117,62        | 185.850.980,14        | 100,17%        |
| 5                                     | Ingresos patrimoniais                    | 2.615.304,00          | 8.496.763,42          | 324,89%        |
| <b>Total ingresos correntes</b>       |                                          | <b>236.421.457,40</b> | <b>245.270.644,84</b> | <b>103,74%</b> |
| 6                                     | Alleamento investimentos reais           | 850.500,00            | 1.047.986,58          | 123,22%        |
| 7                                     | Transferencias de capital                | 10.149.962,16         | 15.314.298,73         | 150,88%        |
| <b>Total ingresos capital</b>         |                                          | <b>11.000.462,16</b>  | <b>16.362.285,31</b>  | <b>148,74%</b> |
| <b>Total ingresos non financeiros</b> |                                          | <b>247.421.919,56</b> | <b>261.632.930,15</b> | <b>105,74%</b> |
| 8                                     | Activos financeiros                      | 219.523.497,99        | 698.979,32            | 0,32%          |
| 9                                     | Pasivos financeiros                      | 14.771.724,98         | 21.616.415,00         | 146,34%        |
| <b>Total op. cap. financieras</b>     |                                          | <b>234.295.222,97</b> | <b>22.315.394,32</b>  | <b>9,52%</b>   |
| <b>TOTAL</b>                          |                                          | <b>481.717.142,53</b> | <b>283.948.324,47</b> | <b>58,95%</b>  |

En termos comparativos, os ingresos globais amosan unha liña ascendente incrementándose respecto a anos anteriores en todos os capítulos de ingresos non financeiros, excepto o 6 correspondente co alleamento de investimentos reais (táboa g).



Táboa 9. Porcentaxes de incremento interanual de dereitos recoñecidos (2018/2024).

| Capítulo                              | Denominación capítulo                    | Variación 2019/2018 | Variación 2020/2019 | Variación 2021/2020 | Variación 2022/2021 | Variación 2023/2022 | Variación 2024/2023 |
|---------------------------------------|------------------------------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|---------------------|
| 1                                     | Impostos directos                        | 14,97%              | 4,64%               | -5,68%              | -2,67%              | 20,77%              | 24,11%              |
| 2                                     | Impostos indirectos                      | -3,48%              | 4,56%               | -0,55%              | -8,99%              | 12,68%              | 8,22%               |
| 3                                     | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 2,42%               | -1,04%              | 23,15%              | 2,51%               | -8,11%              | 9,66%               |
| 4                                     | Transferencias correntes                 | 2,03%               | 4,00%               | 3,33%               | 10,22%              | 0,78%               | 23,10%              |
| 5                                     | Ingresos patrimoniais                    | -4,88%              | -7,76%              | -5,32%              | -30,13%             | 2159,75%            | 69,96%              |
| <b>Total ingresos correntes</b>       |                                          | <b>2,58%</b>        | <b>3,73%</b>        | <b>3,52%</b>        | <b>7,03%</b>        | <b>4,92%</b>        | <b>22,41%</b>       |
| 6                                     | Alleamento investimentos reais           | -25,87%             | 200,69%             | -30,68%             | -56,26%             | 19,53%              | -15,78%             |
| 7                                     | Transferencias de capital                | -22,37%             | -76,84%             | 70,68%              | 419,78%             | 62,60%              | 7,71%               |
| <b>Total ingresos capital</b>         |                                          | <b>-23,02%</b>      | <b>-26,65%</b>      | <b>-4,47%</b>       | <b>163,68%</b>      | <b>58,02%</b>       | <b>5,82%</b>        |
| <b>Total ingresos non financeiros</b> |                                          | <b>1,51%</b>        | <b>2,76%</b>        | <b>3,34%</b>        | <b>10,32%</b>       | <b>7,51%</b>        | <b>21,22%</b>       |
| 8                                     | Activos financeiros                      | -6,39%              | -11,98%             | -16,68%             | -34,86%             | 6,46%               | -8,78%              |
| 9                                     | Pasivos financeiros                      |                     |                     |                     |                     |                     |                     |
| <b>Total op. financieras</b>          |                                          | <b>-6,39%</b>       | <b>-11,98%</b>      | <b>-16,68%</b>      | <b>-34,86%</b>      | <b>6,46%</b>        | <b>2812,14%</b>     |
| <b>Total</b>                          |                                          | <b>1,44%</b>        | <b>2,64%</b>        | <b>3,19%</b>        | <b>10,06%</b>       | <b>7,51%</b>        | <b>31,10%</b>       |

Segundo os datos reflectidos na táboa 10, os ingresos se incrementan en 67.354.854,44 (31,10 %) respecto ao ano anterior. O maior incremento se localiza no capítulo 4 (51,78% sobre o total do incremento), imputable en boa parte a liquidación da PIE correspondente ao exercicio e liquidación definitiva 2022, seguido do capítulo 9 (32,09%) correspondente coa disposición, xa referida, das dúas operacións de endebedamento concertadas en anos anteriores para financiamento do Plan REACPON.

Táboa 10. Incremento anual de dereitos recoñecidos e % de variación por capítulo respecto do incremento global.

|                                       |                                          | Variación 2024/2023  |                       |
|---------------------------------------|------------------------------------------|----------------------|-----------------------|
| Capítulo                              | Denominación capítulo                    | Importe              | % s/ incremento total |
| 1                                     | Impostos directos                        | 4.099.135,86         | 6,09%                 |
| 2                                     | Impostos indirectos                      | 1.204.243,13         | 1,79%                 |
| 3                                     | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 1.229.474,58         | 1,83%                 |
| 4                                     | Transferencias correntes                 | 34.875.279,36        | 51,78%                |
| 5                                     | Ingresos patrimoniais                    | 3.497.588,44         | 5,19%                 |
| <b>Total ingresos correntes</b>       |                                          | <b>44.905.721,37</b> | <b>66,67%</b>         |
| 6                                     | Alleamento investimentos reais           | -196.360,30          | -0,29%                |
| 7                                     | Transferencias de capital                | 1.096.386,90         | 1,63%                 |
| <b>Total ingresos capital</b>         |                                          | <b>900.026,60</b>    | <b>1,34%</b>          |
| <b>Total ingresos non financeiros</b> |                                          | <b>45.805.747,97</b> | <b>68,01%</b>         |
| 8                                     | Activos financeiros                      | -67.308,53           | -0,10%                |
| 9                                     | Pasivos financeiros                      | 21.616.415,00        | 32,09%                |
| <b>Total op. cap. financieras</b>     |                                          | <b>21.549.106,47</b> | <b>31,99%</b>         |
| <b>Total</b>                          |                                          | <b>67.354.854,44</b> |                       |



En canto á execución da recadación ou ingresos sobre dereitos recoñecidos (táboa 11), acádase unha porcentaxe media do 93,47%, superior ao 85% en todos os capítulos excepto o 6 (77,52%) e 8 (78,82%).

*Táboa 11. Porcentaxes de ingreso dos dereitos recoñecidos netos no exercicio 2024.*

| Capítulo                              | Denominación                             | D.R                   | Ingreso               | Ingreso/DR (%) |
|---------------------------------------|------------------------------------------|-----------------------|-----------------------|----------------|
| 1                                     | Impostos directos                        | 21.097.795,96         | 18.302.916,53         | 86,75%         |
| 2                                     | Impostos indirectos                      | 15.862.201,85         | 14.823.901,62         | 93,45%         |
| 3                                     | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 13.962.903,47         | 13.738.820,69         | 98,40%         |
| 4                                     | Transferencias correntes                 | 185.850.980,14        | 172.069.664,82        | 92,58%         |
| 5                                     | Ingresos patrimoniais                    | 8.496.763,42          | 8.445.074,30          | 99,39%         |
| <b>Total ingresos correntes</b>       |                                          | <b>245.270.644,84</b> | <b>227.380.377,96</b> | <b>92,71%</b>  |
| 6                                     | Alleamento investimentos reais           | 1.047.986,58          | 812.400,91            | 77,52%         |
| 7                                     | Transferencias de capital                | 15.314.298,73         | 15.053.030,25         | 98,29%         |
| <b>Total ingresos capital</b>         |                                          | <b>16.362.285,31</b>  | <b>15.865.431,16</b>  | <b>96,96%</b>  |
| <b>Total ingresos non financeiros</b> |                                          | <b>261.632.930,15</b> | <b>243.245.809,12</b> | <b>92,97%</b>  |
| 8                                     | Activos financeiros                      | 698.979,32            | 550.969,70            | 78,82%         |
| 9                                     | Pasivos financeiros                      | 21.616.415,00         | 21.616.415,00         | 100%           |
| <b>Total op. cap. financieras</b>     |                                          | <b>22.315.394,32</b>  | <b>22.167.384,70</b>  | <b>99,34%</b>  |
| <b>TOTAL</b>                          |                                          | <b>283.948.324,47</b> | <b>265.413.193,82</b> | <b>93,47%</b>  |

#### **Cuarta. Resultado orzamentario.**

A liquidación amosa un resultado orzamentario axustado por importe de 163.239.088,47 euros (táboa 12).

O resultado orzamentario é altamente positivo con suficiencia dos ingresos liquidados por operacións correntes para facer fronte á totalidade das obrigas do exercicio.



Táboa 12. Resultado orzamentario 2024

| CONCEPTOS                            | Dereitos recoñecidos<br>netos | Obrigas Recoñecidas<br>Netas | Resultado<br>orzamentario |
|--------------------------------------|-------------------------------|------------------------------|---------------------------|
| A) Operacións correntes              | 245.270.644,84                | 108.614.307,01               | 136.656.337,83            |
| B) Outras operacións non financeiras | 16.362.285,31                 | 103.729.992,41               | -87.367.707,10            |
| 1. Total operacións non financeiras  | 261.632.930,15                | 212.344.299,42               | 49.288.630,73             |
| C) Activos financeiros               | 698.979,32                    | 198.600,00                   | 500.379,32                |
| D) Pasivos financeiros               | 21.616.415,00                 | 0,00                         | 21.616.415,00             |
| 2. Total operacións financeiras      | 22.315.394,32                 | 198.600,00                   | 22.116.794,32             |
| <b>TOTAL</b>                         | <b>283.948.324,47</b>         | <b>212.542.899,42</b>        | <b>71.405.425,05</b>      |

|                                                                   |  |               |
|-------------------------------------------------------------------|--|---------------|
| <b>AXUSTES</b>                                                    |  |               |
| Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais |  | 96.480.651,41 |
| Desviacións de financiamento negativas do exercicio               |  | 9.007.027,80  |
| Desviacións de financiamento positivas do exercicio               |  | 13.654.015,79 |

|                                        |                       |
|----------------------------------------|-----------------------|
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b> | <b>163.239.088,47</b> |
|----------------------------------------|-----------------------|

#### Quinta. Remanente de Tesourería.

O remanente de tesourería correspondente coa liquidación do exercicio 2024 (táboa 13) ascende á contía de 296.268.742,22 €, cun exceso de financiamento (RTGFA) de 13.456.812,72 €, resultando un importe 282.414.840,17 € de remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX).

Para a determinación do remanente de tesourería as débedas pendentes de ingreso calculáronse con estritos criterios de prudencia. No que atinxe a determinación de dereitos de dubidoso cobro aplícase o criterio restritivo de considerar o 75% dos dereitos pendentes do ano anterior e o 100% dos restantes dereitos de exercicios pechados.



Táboa 13. Remanente de Tesourería 2024-2022

| COMPOÑENTES                                       | Importes 2024  | Importes 2023  | Importes 2022  |
|---------------------------------------------------|----------------|----------------|----------------|
| 1. Fondos líquidos                                | 296.369.686,34 | 229.949.769,57 | 215.029.792,57 |
| 2. Derechos pendientes de cobro                   | 22.221.923,37  | 18.352.152,15  | 15.437.730,71  |
| (+) Orzamento corrente                            | 18.535.230,65  | 14.931.178,36  | 11.564.955,45  |
| (+) Orzamentos pechados                           | 427.089,57     | 571.247,19     | 714.250,99     |
| (+) Operacións non orzamentarias                  | 3.259.603,15   | 2.849.726,60   | 3.158.524,27   |
| 3. Obligacións pendentes de pago                  | 23.063.952,69  | 23.757.069,55  | 23.328.733,07  |
| (+) Orzamento corrente                            | 368.746,13     | 1.143.367,31   | 743.679,96     |
| (+) Orzamentos pechados                           | 254.727,52     | 190.889,73     | 163.470,22     |
| (+) Operacións non orzamentarias                  | 22.440.479,04  | 22.422.812,51  | 22.421.582,89  |
| 4. Partidas pendentes de aplicación               | 741.085,20     | 490.468,37     | 330.330,99     |
| (-) Cobros realizados pendentes aplic. definitiva | 326.809,71     | 326.294,61     | 369.696,33     |
| (+) Pagos realizados pendentes aplic. definitiva  | 1.067.894,91   | 816.762,98     | 700.027,32     |
| I. Remanente de Tesourería Total (1+2-3+4)        | 296.268.742,22 | 225.035.320,54 | 207.469.121,20 |
| II. Saldo dubidoso cobro (*)                      | 397.089,33     | 537.467,90     | 672.811,70     |
| III. Exceso Financiamento afectada                | 13.456.812,72  | 16.008.701,10  | 9.357.679,64   |
| IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais    | 282.414.840,17 | 208.489.151,54 | 197.438.629,86 |

O RTGX incrementábase respecto a anos anteriores. O principal do incremento sitúase no compoñente de fondos líquidos, que se incrementa en 66.419.916,77 € fronte ao anterior, supoñendo un 89,85% do total da variación interanual 2024/2023 (73.925.688,63 €).

O saldo acumulado nas obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias mantense moi elevado. Este saldo correspóndese principalmente con ingresos pendentes de aplicacións de recursos xestionados polo ORAL. Si ben parte deste volume xustifícase na propia mecánica recadatoria, recomendándose que se leven a cabo traballos de depuración e/ou aplicación de saldos.



### Sexta. Aforro neto e porcentaxe débeda.

Da liquidación da Deputación pódese destacar á obtención doutros datos de interese económico como o aforro neto ou a porcentaxe de débeda. O aforro neto calculado segundo o disposto no artigo 53.1 do TRLRFL (táboa 14) ascende a 153.688.060,08€.

Táboa 14: Aforro neto (artigo 53.1 TRLHL).

|                                                                                |                       |
|--------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|
| Ingresos liquidados cap. 1 - 5 orzamento ingresos                              | 245.270.644,84        |
| Obrigas recoñecidas cap. 1, 2 e 4 orzamento gastos                             | 108.535.031,66        |
| Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2, 4), derivadas de M.C. financiadas con RLT | 19.517.422,95 €       |
| <b>AFORRO BRUTO (1-2+3)</b>                                                    | <b>156.253.036,13</b> |
| ATA (*)                                                                        | 2.564.976,05          |
| <b>AFORRO NETO (4-5)</b>                                                       | <b>153.688.060,08</b> |

O coeficiente de débeda financeira viva sobre ingresos correntes (calculado segundo o disposto no artigo 53.2 TRLRFL) sitúase nunha porcentaxe do 8,81 %.

### Sétima. Estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

O estudio do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto é obxecto de informe independente, que complementa este informe.

### CONCLUSIÓN:

- O estado da liquidación do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra correspondente á anualidade 2024 incorpora a documentación esixida pola normativa legal aplicable.
- O Orzamento 2024 líquidase con resultado orzamentario e remanente de tesourería positivos.
- Unha vez aprobada a liquidación por Resolución presidencial, deberase dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Unha copia do expediente remitirase á Administración do Estado e Administración Autonómica.

En Pontevedra,

Documento datado e asinado dixitalmente

